



CIRCULAR 53-2022.

CONTROL FGA PISTA AIRE LIBRE 07/05/2022

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Control en Pista ao Aire Libre o 7 de maio de 2022, nas pistas de atletismo do INEF (Bastiagueiro – A Coruña).

Art.2).- Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as que teñan ficha pola Federación Galega de Atletismo ó longo da tempada actual (2022)

Art.3).- As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do martes 3 de maio . Existirá unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.

Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo o que leva unha multa de 3 € por participante ata o xóves ás 10:00 e sempre coa autorización da dirección técnica competicion@atletismo.gal e a dispoñibilidade de prazas libres.

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme ás tempadas 2021-2022 na proba específica. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, farase un sorteo por apelidos.

Art.4).- Participación.

Os/As atletas das categorías Sub 18 e menores, so poderán facer dúas probas, das cales so unha será superior a 410 metros.

Art.5).- Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

XORNADA DE MAÑÁ	CONTROL FGA	XORNADA DE TARDE	CONTROL FGA
HORA	CARREIRA	HORA	CARREIRA
11:00	80 mv Mulleres	17:00	400mv Homes
11:15	80 mv Homes	17:15	400 mv Mulleres
11:30	100 mv Mulleres 0,76	17:30	300 mv Mulleres
11:45	100 mv Mulleres 0,84	17:45	300 mv Homes
12:30	100 mv Homes Sub 16	18:00	200 ml Homes
12:45	100 mv Homes Sub 18	18:30	200 ml Mulleres
13:00	100 mv Homes Sub 20-Abs	19:00	300 ml Homes
13:15	100 ml Homes	19:15	300 ml Mulleres
13:40	100 ml Mulleres	19:30	1000 ml Homes
		19:45	1000 ml Mulleres
		20:00	1500 Homes
		20:15	1500 Mulleres
		20:30	400 ml Homes
		20:45	400 ml Mulleres



Art.6).- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.7).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.8).- O aforo estará regulado conforme ás limitacións establecidas no momento da competición, seguindo sempre a normativa sanitaria e a normativa da instalación

Art.9).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 30 de abril de 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo